

**INSTRUCCIÓN XERENCIAL RELATIVA AO
ABOAMENTO DO COMPLEMENTO
ESPECÍFICO DOS NIVEIS 16 E DO PERSOAL
FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E
SERVIZOS**

Con data de 13 de marzo de 2015 o Xulgado nº 2 do Contencioso - Administrativo de Vigo ditou sentenza na demanda interposta contra a Universidade de Vigo por un colectivo de funcionarios dos niveis 16 e 20 pola utilización para o pagamento dos complementos específicos dos niveis citados os importes da táboa 2 que figuran nas ordenes de confección de nóminas dos anos 2010, 2011 e 2012, publicados no DOG do 20 de xaneiro de 2010, o 25 de xuño de 2010, o 21 de xaneiro de 2011 e o 19 de xaneiro de 2012.

Segundo a sentenza os importes a aboar son os que figuran na táboa 1 das instrución de confección de nóminas aplicables tamén na Universidade de Vigo por acordos acadados entre a Xerencia da mesma e a representación do persoal funcionario, e que supón unha diferenza a favor dos funcionarios do nivel 16 e 20 de 6,61 euros mensuais dende xaneiro a maio do ano 2010 e de 6,35 euros mensuais dende xuño de 2010 e anos seguintes.

A sentenza entende que non é de aplicación ao persoal PAS funcionario da Universidade de Vigo a salvidade, que conlevaría a aplicación da táboa 2, que se contempla para aqueles colectivos que teñan un complemento específico superior acadado mediante acordos anteriores.

A sentenza do Xulgado número 2 de Vigo foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza de 7 de outubro de 2015.

Vistas as sentenzas cumpre que a Universidade de Vigo axuste o seu proceder ao mandato xudicial, procedendo ao aboamento do complemento específico aos niveis 16 e 20 segundo o previsto na táboa 1, con carácter retroactivo dende o ano 2010, debéndose ademais regularizar as bases de cotización no novo importe, e elo para todo o colectivo afectado, co fin de evitar sucesivas demandas cos conseguintes custes, e unha situación de desigualdade entre funcionarios aos que son de aplicación os mesmos acordos.

A partir do ano 2016 todo o persoal funcionario dos niveis 16 e 20 percibirá o complemento específico segundo o que a instrución de nóminas de aplicación ao persoal da Xunta de Galicia sinalen para estes niveis sen que sexa de aplicación as excepcións de aplicación a aqueles colectivos que foran retribuídos cun complemento específico mellorado.

Vigo, 18 de xaneiro de 2016
O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600000753
18/01/16 13:48:14

XEFA DO SERVIZO DE RETRIBUCIÓNS E SEGUROS SOCIAIS